

## PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE CÁMBADOS 2022

### BASES E CONVOCATORIA

#### BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

##### 1.1.—FINALIDADE

A presente convocatoria ten por obxecto regular as axudas económicas destinadas a facilitar, estimular e apoiar a xeración de actividade empresarial, para o ano 2022 Co PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA Á PROMOCIÓN ECONÓMICA no ámbito do Concello de Cambados coa finalidade de colaborar dunha forma activa na Promoción Económica no municipio mediante a concesión de subvencións que promovan o desenvolvemento da actividade empresarial neste municipio.

As presentes bases apróbanse de acordo co disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 de 10 de novembro de 2004) e a normativa aplicable, especialmente a prevista na Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia

##### 1.2.—BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de novembro de 2021 e o 30 de outubro de 2022 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.). Para o carácter de PEME terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea.

##### 1.3.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- Que a empresa estea localizada en Cambados.
- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios, exceptuando aqueles traspasos que se realicen entre cónxuxes ou parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións de forma xurídica.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.
- Non ter débedas co Concello de Cambados, nin a empresa nin as persoas socias.
- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).



#### **1.4 —APLICACIÓN ORZAMENTARIA, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES**

1.- Para o financiamento deste programa de axudas establécese crédito en contía máxima de 5.000,00 euros na aplicación 4300.47900 do Orzamento do Concello de Cambados para o exercicio 2022. De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

2.- As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é o fomento da actividade empresarial en todas aquelas empresas que cumpran os requisitos establecidos ao efecto.

3.- O importe destas axudas será:

- Contía fixa. 250 € pola creación da actividade empresarial acreditada mediante a alta no Réxime Especial de Autónomos ou equivalente da Seguridade Social, mutualidade ou colexio profesional, con obriga de permanecer de alta polo menos dous anos no correspondente réxime da Seguridade Social.
- A axuda de 250 € terá carácter individual, polo tanto concederáse a cada un dos promotores que acredite terse dado de alta na Seguridade Social, mutualidade ou colexio profesional, como traballador autónomo ou profesional independente.
- Para aquelas empresas na que os seus promotores sexan veciños retornados que volvan a residir ao Concello de Cambados, tras estar empadroados fora de Galicia durante polo menos tres anos sen ter transcorrido máis dun ano dende a súa volta, a contía da axuda individual incrementarase nun 50%, sobre o importe fixado no primeiro punto, sendo o importe máximo de 375€.

#### **1.5.—RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS**

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos conceptos subvencionables .

En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

#### **BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN**

##### **2.1.—INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS**

A Concellería de Promoción Económica será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.



Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Virtual do Portal de Transparencia (<http://transparenciacambados.gal>) e na sede electrónica do Concello de Cambados (<http://cambados.sedelectronica.gal>).

- De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade de tramitación atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará na sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello de Cambados o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.
- No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista na base 1.5.
- Conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.
- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
- Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas da mesma.
- Para as accións de control e seguimento, a Concellería de Promoción Económica poderá requirirle aos/ás empresarios/as e/ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpran as condicións para as que se concedeu a subvención.

## **BASE 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

### **3.1.—SOLICITUDES**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo de solicitude e anexos normalizados (que estarán dispoñibles para a súa cumprimentación e descarga no taboleiro de anuncios do Portal de Transparencia do Concello de Cambados (<http://transparenciacambados.gal>), presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambados, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións



Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. O citado artigo impón a mesma obriga a quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

Xunto co formulario de solicitude e anexos debidamente cumprimentados, deberá anexarse a seguinte **documentación**:

- Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as.
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda.
- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as.
- DNI da persoa que solicita a subvención e documento acreditativo da súa condición de representante.
- Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

Así mesmo, deberá anexar a documentación seguinte:

- De ser o caso, escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Sempre que se realice a presentación de documentos complementarios separadamente da solicitude, deberá indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se dispón del.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será o departamento instrutor do procedemento quen decida.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras.



### 3.2.—OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello Cambados.
- Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Manter a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos. No suposto de darse de baixa ou modificar a actividade para a que se solicitou a subvención, con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Cambados ata o último día do mes posterior a dita baixa ou modificación. O incumprimento desta obriga de comunicación pola persoa beneficiaria, comportará o reintegro da totalidade da axuda.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola á Intervención Municipal, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta, toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

### 3.3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitude, será o que se indica a continuación ou ata esgotar o orzamento, e se contará a partir o día seguinte á data da publicación Do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de novembro de 2021 e o 30 de outubro de 2022, será de quince días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

### BASE 4ª.—CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO



1. O servizo xestor (Concellería de Promoción Económica) que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de Promoción Económica.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello. As solicitudes irán resolvéndose a medida que se vaian presentando.

3. Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición nos termos e prazo do artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en calquera momento a partir do día seguinte ao vencemento dos seis meses sen que se dite resolución expresa.

4. O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

5. Unha vez concedidas a axuda faranse efectivas nun pagamento único.

6. Publicada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar no prazo de 10 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (que será subministrado pola Concellería de Promoción Económica), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa.

## **BASE 5ª. PUBLICIDADE**

### **5.1.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS**

As presente convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto. Así mesmo, a presente convocatoria será obxecto de publicación no Portal de Transparencia do





Concello de Cambados (<http://transparenciacambados.gal>) e na sede electrónica do Concello de Cambados (<http://cambados.sedelectronica.gal>).

## 5.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, no Taboleiro de Virtual do Portal de Transparencia (<http://transparenciacambados.gal>) e na sede electrónica do Concello de Cambados (<http://cambados.sedelectronica.gal>).

## 5.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria, deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Cambados. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Promoción Económica e estará dispoñible para a súa descarga no Taboleiro de Virtual do Portal de Transparencia (<http://transparenciacambados.gal>) e na sede electrónica do Concello de Cambados (<http://cambados.sedelectronica.gal>).

## BASE 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán utilizados para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Cambados.

## BASE 7ª.—TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co artigo 17 da lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno co artigo 15 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Concellería de Promoción económica publicará no Taboleiro de Virtual do Portal de Transparencia (<http://transparenciacambados.gal>) e na sede electrónica do Concello de Cambados (<http://cambados.sedelectronica.gal>) a relación das persoas e/ou entidades beneficiarias das axudas concedidas.

Incluirá igualmente a contía das axudas e as sancións que no seu caso e como consecuencia delas puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

## BASE 8ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE, RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS



O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve.

## **BASE 9ª.—SEGUIMIENTO DAS AXUDAS. REINTEGRO**

### **9.1. SEGUIMIENTO**

A Concellería de Promoción Económica, realizará o seguimento das actividades obxecto de Subvención.

### **9.2. CAUSAS DE REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e exixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que houberan impedido a súa obtención.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actividade obxecto de subvención.
- c) Resistencia, escusa obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos.





### 9.3. PROCEDIMENTO DE REINTEGRO

O procedemento de reintegro de subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida, no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da CCAA, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir a obriga de manter a actividade durante dous anos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

Procederá o reintegro parcial do 2% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de cumprir coas medidas de publicidade da cofinanciación polo Concello de Cambados, establecida na BASE 5ª punto 5.3.

Procederá o reintegro parcial polo exceso de financiamento, segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano de concesión a obtención de outras axudas no caso de que estas sexan compatibles.

Procederá o reintegro do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano de concesión a solicitude doutras axudas, no caso de que estas sexan compatibles.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real Decreto Legislativo 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións da Orde Social, e da Lei 9/2007, do 13 xuño.



## **BASE 10ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, que aprobou o seu regulamento, a lexislación básica do estado en materia de Réxime Local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas presentes Bases Reguladoras, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O Concello de Cambados quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.



**PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á  
PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE CAMBADOS 2022**

SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE:					
Nome	1º apelido	2º apelido			DNI/CIF
Rúa		Nº	Piso	Letra	Concello
Cod. Postal	Provincia	Teléfono 1		Teléfono 2	
e-mail:			web:		
Demandante de emprego: (marcar cun x)			Tempo de permanencia no desemprego		
SI		NON			
DATOS DO/A REPRESENTANTE:					
Nome	1º apelido	2º apelido			DNI/CIF
Rúa		Nº	Piso	Letra	Concello
Cod. Postal	Provincia	Teléfono		E-MAIL	
Datos a efectos de notificación					
NOTIFICAR A :	Persoa solicitante			Representante	

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PROXECTO EMPRESARIAIL					
Actividade económica (descrición):					CNAE
Rúa		Nº	Piso	Letra	Concello
Capital social (€):			Nº de postos de traballo:		
DATOS BANCARIOS					
Declaro que todos os datos bancario indicados a continuación:					



TITULAR DA CONTA:				
IBAN	Cod. Banco	Sucursal	DC	Código conta

COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE AO CONCELLO DE CAMBADOS

<b>Resolta favorablemente</b>	
<b>En Trámite</b>	
<b>Non é precisa (fundamentar):</b>	

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Outras axudas concedidas ou solicitadas

<b>Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este proxecto.</b>	
<b>Si se solicitou e/ou concedéronlle outras axudas para este mesmo proxecto (indicar a continuación):</b>	
<b>ORGANISMO:</b>	<b>IMPORTE</b>
1.	
2.	
3.	

1. Outras axudas de mínimos:

<b>Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de mínimos</b>				
<b>Si se solicitou e/ou concedéronlle axudas de mínimos (indicar a continuación):</b>				
<b>ORGANISMO:</b>	<b>ANO:</b>	<b>IMPORTE (€)</b>	<b>DISPOSICIÓN REGULATORIA</b>	

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e (ou obteña en réxime de mínimos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos , a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións



4. Non estar inhabilitado para a obtención de axudas en calquera dos nos casos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xullo de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas coa Administración Pública.
6. Que non foi excluído/a do acceso aos beneficiarios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no TR da Lei sobre infraccións e sancións na orde Social, aprobada polo RDL 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social.

### DECLARACIÓN:

Que á vista do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación das Bases e convocatoria para ano 2022 do Programa de Axudas municipais para a creación de empresas e logo de coñecer e as súas bases reguladoras, <b>DECLARO QUE A EMPRESA CUMPRE OS REQUISITOS</b> dos artigos 1.2 e 1.3 das bases reguladoras e convocatoria do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas.		
<b>REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE (1.2 e 1.3 da Base 1ª)</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>
Son un empresario/a individual ou unha PEME		
O centro de traballo da empresa está localizado no Concello de Cambados		
Iniciou a actividade entre o 01 de novembro de 2021 e o 30 de outubro de 2022		
É unha empresa de nova creación (Non transformación de forma xurídica)		
Creei polo menos o meu posto de traballo ou de algún dos promotores		
A empresa e os promotores non teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, ca AEAT nin co Concello de Cambados.		
Non estou incurso/a, e os promotores/as, tampouco nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.		
<p>Que <b>ACEPTO</b> as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento do Departamento de Promoción Económica, seguindo o estipulado nas bases e convocatoria para o ano 2022 do Programa de Axudas e Creación de Empresas.</p> <p><b>SOLICITO:</b> A concesión da correspondente axuda para a creación de empresas, por importe total de <b>250 (€) EUROS</b>, de acordo co especificado nas bases reguladoras da convocatoria.</p>		





Cambados, a                      de                      de

Asdo.

Autorizo ao Concello de Cambados, para realizar a comprobación con outras administración da veracidade dos datos declarados na presente solicitude.

Os datos que se aportan serán tratados de acordo á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.





## ANEXO I

### MEMORIA XUSTIFICATIVA PROXECTO EMPRESARIAL

<b>1. DATOS PERSOAIS DOS PROMOTORES:</b>			
<b>PROMOTOR/A 1.</b>			
<b>Nome</b>	<b>1º apelido</b>	<b>2º apelido</b>	<b>DNI/CIF</b>
<b>Tempo permanencia en desemprego</b>			<b>teléfono</b>
<b>PROMOTOR/A 2.</b>			
<b>Nome</b>	<b>1º Apelido</b>	<b>2º Apelido</b>	<b>DNI/CIF</b>
<b>Tempo permanencia en desemprego</b>			<b>Teléfono</b>
<b>PROMOTOR/A 3.</b>			
<b>Nome</b>	<b>1º apelido</b>	<b>2º apelido</b>	<b>DNI/CIF</b>
<b>Tempo permanencia en desemprego</b>			<b>Teléfono</b>

#### 1. DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

<b>Actividade económica (descricao):</b>		
<b>Nome da empresa ou razón social</b>		<b>CIF</b>
<b>Localidade</b>	<b>C.P</b>	<b>Provincia</b>
<b>Data Inicio actividade:</b>		<b>Epígrafe IAE:</b>

#### 2. CREACIÓN DE EMPREGO:

Número de postos de traballo creados: \_\_\_\_\_



